

Urquiola

Longa noite de pedra, vento ferido, naquela tormenta, o único que quedaba era o amor.

Apenas recuperar a consciencia, fiquei perplexa cara á auga. Aquel azul característico, toda a vida no seu interior, manchada de negro.

Vítimas dun accidente no mar das costas galegas, nun barco chamado Urquiola, que cargaba con toneladas de medicamentos que os boticarios tiñamos que distribuír por Galicia. E ademais, tamén transportaba moitos líquidos contaminantes.

Pero, que había facer eu?, se tan só era unha boticaria de baixo rango, lonxe de superar os meus compañeiros homes. Ou iso sempre me repetían.

Unha muller cursando Medicina. Que disparate! Mais eu sabía que ía despegar, ninguén ía poñerme poñerme puntos no meu sonho de axudar a quen o precisase. “Luísa, esa é unha carreira de homes”, “Luísa, non te van tomar en serio”. Estaba cansa, quería facer algo co que verdadeiramente fose feliz.

– Luísa, esperta, atende os feridos! –aquela voz rachou o meu cavilar–. Un compañeiro meu estaba ao carón doutros tres, axudando a salvar as vítimas dun accidente que sufriran horas atrás.

Sorprendentemente, a miña bolsa, co meu caderno e algúns medicamentos foran quen de se salvar. Mentres os meus compañeiros ían buscar algunha herba ou axuda, deixáronme coidando da tripulación ferida. Como eu era unha muller, nunca podería facer os traballos verdadeiramente importantes.

Foi daquela cando collín o meu caderno:

Alén do meu, alén da xustiza,
que é isto que me ocorre?
Sen herba para coidar a miña ferida,
sería diferente se fose un home?

Engaiolada nas miñas propias verbas, escoitei berrar a un home que tiña un corte moi profundo na perna. Achegueime a el teimosa e observei a ferida. Fixen presión para deter a hemorraxia e despois mesturei unhas beberaxes da miña bolsa. Recei para que todo saíse ben.

Pasados uns minutos pareceu diminuírllle a dor. Daquela repetín o proceso con varios tripulantes máis, sempre co medo de que morresen. Ao chegaren os meus compañeiros, asombráronse do que acababa de pasar, pero sobre todo de que fose unha muller quen o fixese. Desde aquel día loitei pola igualdade en toda clase de traballos e demostrei que unha muller pode ser quen de facer o mesmo ca un home.

Tras trinta anos, situábame na miña casa, vendo o telexornal. Resultaba que as costas de Galicia foron vítima outra vez dun accidente dun barco. É que ninguén lembra xa o Urquiola n 1976? Parece que imos cara a atrás. Porén moita xente nova decidiu ir ás costas para axudar e limpar as augas. Entre elsa moitas mulleres. Quizais algo si que avanzamos...

“Repetiuse o desastre,

todo feito un lastre.

A un futuro datemos cola,

para nós non esquecer o Urquiola.”